

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL E A XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO DE LINGUAXE XURÍDICA GALEGA PARA O ANO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **DECLARA:**

Que se pretende formalizar co **Consello Xeral do Poder Xudicial** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dun ano dende a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración que desenvolverán o Consello Xeral do Poder Xudicial e mais a Xunta de Galicia –a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade– para a realización dun curso de linguaxe xurídica galega dirixido ao alumnado da Escola Xudicial do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte, que as partes expoñen:

a) Que o artigo 122 da Constitución española establece que o Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano de goberno deste e que será presidido polo presidente do Tribunal Supremo. Así mesmo, o artigo 104.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPX) dispón que o goberno do Poder Xudicial lle corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial, que exerce as súas competencias en todo o territorio nacional, e o seu presidente, de conformidade co artigo 105 da propia LOPX, é a primeira autoridade xudicial da nación e ostenta a representación e goberno do Poder Xudicial.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, entre as súas funcións constitucionais de goberno do Poder Xudicial, ostenta a exclusiva competencia en materia de formación inicial e continuada de xuíces e maxistrados en virtude do disposto no artigo 560.1.7º da LOPX, para cuxo exercicio, de acordo co artigo 433bis.4 da LOPX, pode colaborar con entidades e organismos.

b) Que a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1). Así mesmo, o seu artigo 11 recolle a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego por parte do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

